

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrou onte o Día do Biólogo 2022 e fixo entrega dos Premios e Recoñecementos: Bióloga/o do Ano, Empresas e Institucións do Ano e Membros de Honra do COBGA.

Foron recoñecidos os/as colexiados/as que levan 25 anos inscritos/as

Tamén entregáronse o premios : Bióloga/o do Ano, Empresas e Institucións do Ano e Membros de Honra

Santiago, 14 de maio de 2022. - O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrou onte o Día do Biólogo no Pazo de Adrán (Calo-Teo). Foi ocasión de encontro e de compartir experiencias e, especialmente, para recoñecer e agradecer o seu esforzo a aqueles colexiados que levan xa 25 anos no colexio.

Este ano entregaranse tamén os seguintes Premios, a proposta e elección dos/as colexiados/as, súmanse as dúas edicións canceladas pola COVID19:

- Bióloga/o do Ano

A D^a **Marisa Castro Cerceda** polo seus mais de 30 anos de traballo na investigación e divulgación no eido da micoloxía.



A D. **Pablo Ramil Rego** polo seus mais de 30 anos de traballo como botánico experto en ordenación do territorio, economía circular, lexislación ambiental e xestión de espazos protexidos.



- Premios Gran Empresa /Institución

Ao **Grupo Zendal** pola contribución da compañía desde a súa fundación, no ano 1939, á investigación e desenvolvemento de produtos inmunolóxicos e en especial de vacinas humanas e veterinarias, tanto clásicas como de tecnoloxía recombinantes e en recoñecemento do importante número de biólogos/as que traballan nela. Recolleu o premio D. Andrés Fernández Álvarez-Santullano, Director General del Grupo Zendal.

ZENDAL

Ao **INTECMAR** en atención especialmente ao seus mais de 20 anos de traballo no control da calidade do medio mariño e control técnico-sanitario dos produtos do mar. Recolleu o premio D^o Covadonga Salgado Blanco, Directora do Intecmar.



- Premios PEME/Institución

A **AllGenetics** polos seus traballos punteiros en estudos xenómicos mediante o emprego da bioinformática e técnicas de secuenciación xenéticas, tanto a nivel nacional como internacional e en recoñecemento do importante número de biólogos/as que traballan nela. Recolleu o premio D. Antón Vizcaino Hermida, Director do Laboratorio AllGenetics.



A **Investigal** en atención especialmente ao seu compromiso en prol do sector da investigación en Galicia. Recolleu o premio D^o Elena Lendoiro Belío Presidenta de Investigal.



- Membros de Honra

A D^o **Mercedes Casal Jiménez** pola súa relevante e notoria contribución ao desenvolvemento da profesión de biólogo como Decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, impulsando a profesión e a colexiación na nosa Comunidade e establecendo as bases do que é o Colexio actual.



A D. **Pelayo Míguez Baños** pola súa relevante e notoria contribución ao desenvolvemento da profesión de biólogo como Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, levando ao Colexio a ser referente dentro dos Colexios de Biólogos a nivel nacional.



Finalmente viviuse un emotivo momento ao facer entrega o Decano dunha placa ao ex-xerente do COBGA, **D. José Manuel Meléndez Ferro**, en agradecemento polos seus máis de 25 anos aa frente da oficina colexial

O COBGA está formado actualmente por preto de mil trescentos colexiados e creouse en 1987. O 60 % son mulleres.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Telf.:/WhatsApp 981 53 14 40

info@biologosdegalicia.org